



CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

TABOLEIRO DE EDICTOS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN.

Vistas as propostas de membros realizadas polos Organismos correspondentes que deben formar parte do Tribunal que realizará a selección para a contratación laboral temporal dun xefe de brigada, un peón- condutor e tres peóns forestais en el Concello de Ramirás, de conformidade coas bases aprobadas na data 05/06/2026 e publicada a convocatoria no BOP nº 115 de Ourense do 19 de xuño de 2026, e en uso das miñas atribucións,

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como membros do Tribunal que xulgará as correspondentes probas de selección a:

Cargo	Identidade
Presidente	José Luis Alvarez González, axente forestal
Vogal 1	Lourdes Bugallo Vázquez, directora do PAI Ramiras
Vogal 2	Susana Selas Fernandez, axente de emprego e desenvolvemento local
Vogal 3	José Luis Rodríguez Ortega, operario de parques e xardíns do Concello de Celanova
Secretario/a	María Benita Alvarez González, asistente social da Mancomunidade terra de Celanova

SEGUNDO. Convocar aos aspirantes á realización das seguintes probas de selección:

1. O día 7 de xullo de 2026, ás 9.30 horas terá lugar a Proba física. Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 35 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para





CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

hidratación

2. O día 7 de xullo de 2025, ás 10.30 horas terá lugar a Proba práctica. Sobre manexo de desbrozadora e motoserra, desbrozar e cortar durante media hora , cos cambios necesarios na maquinaria cunha puntuación máxima de 5 puntos.
3. O día 7 de xullo de 2025, ás 11.30 horas terá lugar a Proba teórica. Realizarase unha proba, cunha puntuación máxima de 4 puntos, consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre o seguinte temario:
 - a) Coñecemento do territorio
 - b) A loita contra incendios forestais
 - c) Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos.
Cada resposta errada restará 0,10 puntos
4. O día 7 de xullo de 2025, ás 12.00 horas, os que no acreditaran o coñecemento da lingua galega, mediante o achegamento de como mínimo o certificado Celga 2, realizarán unha proba consistente na tradución dun texto do castelán ao galego, cunha duración máxima de unha hora.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

CUARTO. Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ramirás.

A Alcaldesa
Isabel Gil Álvarez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

